



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** queremos informaros das actividades que estamos a desenvolver no marco da **Enterprise Europe Network** na que participamos a través do consorcio **Galactea-Plus**.

A **Enterprise Europe Network** é unha rede de apoio ao tecido científico-empresarial de Europa que ven ofrecendo os seus servizos dende o ano 2008, baixo o auspicio da Comisión Europea.

A Enterprise Europe Network está formada por preto de **600 organizacións en máis de 50 países** que, dende unha perspectiva local, promoven a innovación e a competitividade das empresas, o que a converte na rede máis extensa de información e asesoramento ás empresas en temas europeos.

O rango de servizos que presta a rede vai dende a simple resposta a unha dúbida concreta no ámbito europeo, e.g. lexislación, oportunidades de financiamento, etc. ata servizos de maior valor engadido como son a promoción da cooperación empresarial, a internacionalización ou o fomento da innovación e o apoio á transferencia de tecnoloxía transnacional e á participación nos programas europeos de I+D+i.

O rol da **GAIN** dentro da rede está centrado no **fomento da innovación**, na **transferencia de tecnoloxía** e na **promoción de programas europeos de I+D+i** entre as empresas galegas.

Entre os servizos máis importantes que se levan a cabo están os encamiñados a facer chegar a Europa as ofertas, demandas tecnolóxicas ou resultados de investigación dos axentes galegos coa finalidade de conseguir **acordos de transferencia de tecnoloxía transnacional**.

Outro servizo destacado é a **difusión de boletíns de información** con oportunidades tecnolóxicas, eventos e buscas de socios para propostas de proxectos europeos de I+D+i.

Para calquera dúbida ou cuestión, estamos á vosa disposición a través do correo electrónico **difusion.gain@xunta.es** ou do teléfono **981 33 71 46**.

Agardando que esta información sexa do voso interese, despedímonos até o vindeiro xoves!